



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Setembro 2021


Santiago de Compostela, 05 de novembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en setembro de 2021 un retroceso do 4,8% con respecto a setembro de 2020, e a nivel nacional rexistrouse un incremento do 1,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 2,8%; os bens de equipo e intermedios decreceron un 17,2% e 1,8% respectivamente. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 1,2%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas máis destacables corresponden a “fabricación de vehículos de motor” que resta 5,1 puntos, a “industria da alimentación” que minora 2,2 puntos e a “producción de enerxía eléctrica” que detrae 1,6 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: a “industria da madeira e da cortiza” que suma 1,6 puntos, a “confección de roupa de vestir”, que achega 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que engade 1,0 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2021



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de setembro de 2021 registrou en Galicia un descenso do 4,8% en taxa interanual, empeorando en 10,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (5,2%). En España rexistrouse un incremento do 1,9%, taxa 1,8 puntos inferior á acadada no mes anterior (3,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 2,8%, o que engade 0,8 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 17,2%, o que minora 5,0 puntos.
- Os **bens intermedios** baixan un 1,8%, cunha repercusión negativa de 0,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 1,2% restando 0,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2021, por destino económico, os bens de consumo empeoran 27,7 puntos, os bens de equipo melloran 2,7 puntos, os bens intermedios empeoran 0,2 puntos e a enerxía empeora 7,9 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas negativas á taxa interanual foron: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 5,1 puntos, a “industria da alimentación” que minora 2,2 puntos e a “producción de enerxía eléctrica” que detrae 1,6 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: a “industria da madeira e da cortiza” que suma 1,6 puntos, a “confección de roupa de vestir”, que achega 1,5 puntos e a “fabricación de bebidas”, que engade 1,0 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de setembro moveuse entre o -9,7% de Aragón e o 26,3% de Illes Balears.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Asturias (20,7%), Canarias (7,7%), Comunitat Valenciana (4,1%), Castilla - La Mancha (3,9%), Navarra (3,6%), La Rioja (3,5%), Cataluña (3,3%), Cantabria (3,1%) e Madrid (2,1%).

IPI Setembro 2021 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,0	-4,8	11,8	--	--
Bens de consumo	150,1	2,8	23,0	0,8	5,9
Bens de equipo	105,1	-17,2	4,7	-5,0	1,2
Bens intermedios	123,6	-1,8	10,4	-0,5	3,0
Enerxía	59,3	-1,2	8,1	-0,2	1,7
España					
Xeral	107,8	1,9	9,1	--	--
Bens de consumo	113,6	7,9	7,7	2,0	2,0
Bens de equipo	105,2	-5,2	11,0	-1,2	2,4
Bens intermedios	114,9	4,4	13,9	1,4	4,3
Enerxía	93,8	-1,7	2,2	-0,3	0,5

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2021

Ram as	VARIACIÓNS (%)				Pondera cións
	Interanual	Repercu sión	No que vai de ano	Repercu sión	
Total	-4,8		11,8		
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría	37,9	1,6	38,6	1,6	3,6
Confección de roupa de vestir	23,0	1,5	55,9	2,3	4,1
Fabricación de bebidas	32,8	1,0	38,8	1,3	3,5
Fabricación de mobles	34,9	0,5	64,3	0,8	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	19,2	0,5	23,2	0,6	2,6
Industria téxtil	84,2	0,4	24,9	0,1	0,6
Outras industrias manufactureiras	36,4	0,2	58,1	0,3	0,5
Industria do papel	7,2	0,1	6,9	0,2	2,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	2,4	0,1	8,1	0,4	5,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-0,9	-0,1	4,4	0,4	7,7
Industria química	-15,8	-0,3	-10,1	-0,2	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-12,0	-0,3	4,7	0,1	2,0
Fabricación doutro material de transporte	-27,3	-0,4	-17,7	-0,3	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-13,4	-0,4	14,3	0,4	2,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-12,9	-0,4	-11,0	-0,4	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-32,6	-0,5	-9,7	-0,2	1,4
Outras industrias extractivas	-49,6	-0,8	30,5	0,4	1,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-14,7	-1,6	7,3	1,2	22,3
Industria da alimentación	-12,9	-2,2	7,3	1,2	13,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-28,8	-5,1	6,2	0,8	13,1
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2021

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,8	1,9	9,1
Galicia	108,0	-4,8	11,8
Andalucía	98,6	1,0	4,1
Aragón	101,0	-9,7	6,4
Asturias	108,0	20,7	17,1
Baleares (Illes)	90,6	26,3	10,2
Canarias	93,6	7,7	2,6
Cantabria	118,2	3,1	14,7
Castilla - La Mancha	108,3	3,9	5,8
Castilla y León	93,0	-2,0	10,2
Cataluña	108,2	3,3	11,2
Comunitat Valenciana	114,9	4,1	10,2
Extremadura	124,7	-2,8	11,6
Madrid	111,4	2,1	6,4
Murcia	124,8	0,2	1,4
Navarra	122,5	3,6	12,7
País Vasco	107,3	1,9	11,1
Rioja (La)	88,3	3,5	9,5

Fonte: INE